



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Estatística aplicada ás ciencias sociais 2		Código	615G01201
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Otero Enriquez, Raimundo	Correo electrónico	raimundo.otero@udc.es	
Profesorado	Otero Enriquez, Raimundo	Correo electrónico	raimundo.otero@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é iniciar aos estudantes no uso da estatística inferencial e a súa aplicación á análise de datos na investigación social, cuxas tarefas fundamentais son a xeneralización dos datos dunha mostra a unha poboación, e a utilización das probas de decisión estatística.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	O/a estudante recordará as características básicas da teoría de probabilidades e das principais distribucións teóricas	A5 A27	B3 B7 B21 B27
O/a estudante identificará os principais tipos de mostraxe na investigación sociolóxica	A5 A7 A27	B3 B4 B5 B7 B21 B27	C3
O/a estudante interpretará as probas de decisión estatística para unha e dúas mostras	A5 A7 A27	B3 B4 B5 B7 B21 B27	C3
O/a estudante calculará mostras aleatorias simples partindo da delimitación de poboacións de interese sociolóxico	A5 A7 A16 A22 A26 A27	B3 B4 B5 B6 B7 B12 B21 B27	C3 C8



O/a estudante interpretará unha análise de varianza cun só factor	A5 A7 A27	B3 B4 B5 B7 B21 B27	C3
O/a estudante interpretará probas de decisión estatística para correlacións simples e regresións	A5 A7 A27	B3 B4 B5 B7 B21 B27	C3
O/a estudante recordará as principais potencialidades de uso dos programas estatísticos R e SPSS-Statistics	A7 A16		C3

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: Introducción, probabilidade e distribucións probabilísticas.	Introdución á análise inferencial. Nocións básicas de probabilidade. Utilización de distribucións probabilísticas: normal, t de Student e chi-cadrado. Introducción a R.
TEMA 2: Mostraxe.	Aspectos xerais da mostraxe na investigación sociolóxica. Tipos de mostraxe. Mostraxe aleatorio simple: cálculo de tamaño mostral e estimación de parámetros.
TEMA 3: Probas de decisión estatística.	O uso das probas de decisión estatística na investigación sociolóxica. Definición de hipóteses, elección da proba estatística, definición da rexión de rexeitamento, cálculo do valor da proba estatística e toma de decisión. Proba de decisión estatística para o caso da regresión e correlación simple.
TEMA 4: Probas de decisión estatística para o caso de dúas mostras.	A proba da diferenza entre dúas medias. A proba da diferenza entre dúas proporcións. A proba chi-cadrado para dúas ou máis mostras. Probas da hipótese de asociación.
TEMA 5: Análise da varianza.	Análise da varianza cun só factor. Outros tipos de análise da varianza. Análise da varianza para variables non paramétricas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	B3 B4 B5 B21 B27	8	52	60
Prácticas de laboratorio	A16 A22 A26 B6 B12 C3	16	24	40
Sesión maxistral	A5 A7 A27 B7 C8	18	26	44
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



<p>Proba obxectiva</p>	<p>Probas de carácter periódico, para valorar a correcta comprensión e aplicación dos contidos da materia, compostas por cuestións curtas e/ou de resposta múltiple e exercicios breves que precisarán cálculos matemáticos, para os que estará permitido o uso de calculadora científica ou estándar aportada por cada estudante (non está permitido o uso doutros dispositivos, por exemplo teléfonos móbiles, tablets, etc.). Para a resolución de exercicios facilitarase un listado de fórmulas básicas e as táboas das distribucións estatísticas necesarias.</p> <p>Non se admitirá a participación na proba aos estudantes que non se atopan presentes no momento de comezar a realización da mesma.</p> <p>Estímase que se realizará polo menos unha proba obxectiva por tema, que se celebrará nunha data e hora anunciada en clase con suficiente antelación.</p> <p>A cualificación final obterase promediando as cualificacións das probas obxectivas periódicas.</p>
<p>Prácticas de laboratorio</p>	<p>Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan de maneira efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico, fundamentalmente exercicios. Para o desenvolvemento destas prácticas, visualizáranse saídas de diferentes programas (SPSS-Statistics e R fundamentalmente).</p>
<p>Sesión maxistral</p>	<p>Exposición oral por parte do profesor dos aspectos fundamentais da materia. As exposicións complementarase co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Prácticas de laboratorio</p> <p>Sesión maxistral</p>	<p>A atención personalizada é unha actividade académica que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado, de forma individual ou nun pequeno grupo, relacionadas co estudo e temas vinculados coa materia.</p> <p>No inicio do cuadrimestre, comunicarase o horario das titorías (en todo caso, rógase acudir ás mesmas previo aviso por e-mail).</p> <p>Para o alumnado co recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica, acordarase a principio de curso un calendario específico de titorías compatible coa súa situación</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Proba obxectiva	B3 B4 B5 B21 B27	<p>Probas de carácter periódico, para valorar a correcta comprensión e aplicación dos contidos da materia, compostas por cuestións curtas e/ou de resposta múltiple e exercicios breves que precisarán cálculos matemáticos, para os que estará permitido o uso de calculadora científica ou estándar aportada por cada estudante (non está permitido o uso doutros dispositivos, por exemplo teléfonos móbiles, tablets, etc.). Para a resolución de exercicios facilitarase un listado de fórmulas básicas e as táboas das distribucións estatísticas necesarias.</p> <p>Non se admitirá a participación na proba aos estudantes que non se atopen presentes no momento de comezar a realización da mesma.</p> <p>Estímase que se realizará polo menos unha proba obxectiva por tema, que se celebrará nunha data e hora anunciada en clase con suficiente antelación.</p> <p>A cualificación final obterase promediando as cualificacións das probas obxectivas periódicas. Por tanto, dito promedio terá que ser igual ou superior aos 5 puntos para superar a materia.</p>	100
-----------------	------------------	---	-----

Observacións avaliación



A planificación exposta nesta guía docente supón a aplicación dun sistema de avaliación continua, polo que a cualificación final obterase promediando as cualificacións das probas obxectivas periódicas individuais ou cooperativas. Se un/ha alumno/a non se presentase a algunha das probas obxectivas periódicas realizadas no transcurso do cuadrimestre, tería como nota na avaliación continua un "non presentado".

No caso de que non se teñan realizado ditas probas obxectivas periódicas -ou algunha delas-, ou que non se obteñan os mínimos esixidos para superar a materia polo sistema de avaliación continua, os estudantes poderán presentarse a avaliación nunha proba obxectiva única que abarcará toda a materia. Dita proba obxectiva única consistirá nun exame composto por cuestións curtas e/ou de resposta múltiple e exercicios breves que precisarán cálculos matemáticos, para os que estará permitido o uso de calculadora científica ou estándar aportada por cada estudante (non está permitido o uso doutros dispositivos, por exemplo teléfonos móbiles, tablets, etc.). Para a resolución dos exercicios facilitarase unha lista de fórmulas básicas e as táboas das distribucións estatísticas necesarias.

A proba obxectiva única celebrarase, cando sexa pertinente, na convocatoria de 1ª oportunidade, 2ª oportunidade ou convocatoria extraordinaria chegado o caso (nas datas que estableza o centro nos seus calendarios oficiais de exame).

Non se admitirá a participación na proba aos estudantes que non se atopen presentes no momento de comezar a realización da mesma.

Outras consideracións:

1/ Se o transcurso da materia o permite, desenvolverase unha práctica de laboratorio, de carácter voluntario, que poderán presentar aqueles/as alumnos/as que realicen as probas obxectivas de carácter periódico (isto é, que se acollan á avaliación continua). Dita práctica:

-Desenvolverase en equipo, coa finalidade de resolver na aula aspectos teórico-prácticos do temario de xeito cooperativo (terá un valor máximo de 1 punto sobre a nota final).

-Puntuará na nota final no caso de que o/a alumno/a obtivera unha nota superior aos 2,5 puntos en todas as probas de carácter periódico realizadas.

-O alumnado que acuda á proba única -que estableza o centro nos seus calendarios oficiais de exame- non poderá, por tanto, realizar esta práctica grupal de laboratorio, nin tampouco, en caso de tela feita, sumarase á súa cualificación final.

-Indicarase outras cuestións menores e organizativas no transcurso do cuadrimestre.

2/ Se o transcurso da materia o permite, a última proba obxectiva, na modalidade de avaliación continua, poderase realizar ou ben no formato tradicional ou individual, ou ben de xeito cooperativo, isto é, en grupos dun máximo de 4 persoas. Tamén:

-A participación na última proba obxectiva de tipo cooperativo é totalmente voluntaria.

-Poderanse presentar á última proba obxectiva de tipo cooperativo o alumnado que obtivera nas probas obxectivas individuais e



anteriores, unha nota superior aos 6 puntos.

-A cualificación obtida nesta proba obxectiva de tipo cooperativo é a mesma para todos/as os/as integrantes do grupo.

-Indicaranse outras cuestións menores e organizativas no transcurso do cuadrimestre.

3/ O alumnado que se acolla ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica de exención de asistencia, terá que avaliarse, preferentemente, mediante a realización da proba única detallada nos parágrafos anteriores.

4/ A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación.



Fontes de información

Bibliografía básica	BOUSO, J. (2018): El paquete estadístico R. Madrid. CIS.GARCÍA FERRANDO, M. (1994): Socioestadística. Introducción a la Estadística en Sociología. Madrid. Alianza Universidad Textos.MAFOKOZI, H. (2009): Introducción a la estadística para gente de letras. Madrid. Editorial CCS. PARDO, A. y RUIZ, M.A. (2002): SPSS 11. Guía para el análisis de datos. Madrid. McGraw-Hill.PÉREZ LÓPEZ, C. (2010): Técnicas de muestreo estadístico. Madrid. Ibergarceta Publicaciones.RITCHEY, F. J. (2002): Estadística para las Ciencias Sociales. México. McGraw-Hill.SÁNCHEZ CARRIÓN, J. J. (1999): Manual de Análisis Estadístico de los Datos. Madrid. Alianza Editorial. UÑA JUÁREZ, I. et al. (2009): Cálculo de probabilidades. Madrid. Ibergarceta Publicaciones.
Bibliografía complementaria	BLALOCK, H. M. (1966): Estadística Social. México. Fondo de Cultura Económica. GLASS, G. V. y STANLEY, J. C. (1986): Métodos Estadísticos Aplicados a las Ciencias Sociales. México. Prentice-Hall Hispanoamericana. PEÑA, D. y ROMO, J. (1997): Introducción a la Estadística para las Ciencias Sociales. Madrid. McGraw-Hill. RODRÍGUEZ OSUNA, J. (1991): Métodos de Muestreo. Madrid. CIS.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Estadística aplicada ás ciencias sociais 1/615G01101

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para o correcto desenvolvemento da materia, é fundamental que o/a alumno/a domine a lingua castelá. O alumnado (independentemente da modalidade escollida) deberá revisar regularmente o campus virtual da materia e consultar os documentos.A vía de comunicación co profesorado da materia será a institucional, é dicir, o correo da UDC.Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas na aula e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.Todos os aspectos relacionados coa ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académico? observarán a normativa académica vixente da UDC.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías